

CIRCULAR 50-2022

VII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PÉNTATLON DE LANZAMENTOS MÁSTER

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza o VII Campionato de Galicia de Péntatlon de Lanzamentos Máster o 8 de maio no Centro Galego de Tecnificación Deportiva en Pontevedra.

Art.2) Poderán participar todos os/as atletas da categoría Máster que o desexen e teñan licenza pola FGA na tempada 2022.

Art.3.) Participación:

O péntatlon de lanzamentos consta das seguintes probas e orde: Martelo, Peso, Disco, Xavelina, e Martelo Pesado. Será obrigatorio ter unha marca acreditada nun mínimo de tres das cinco probas.

Valerán as marcas feitas dende o 1 de xaneiro de 2021. Dada a limitación de prazas dispoñibles, limitarase o número de atletas en función das inscricións.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do martes 3 de maio do 2022.

Art.5) Haberá medallas para os tres primeiros clasificados de cada categoría tanto masculinos como femininos.

Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal para a colocación do dorsal.

Art.7) O horario definitivo publicarase o xoves antes do Campionato en función dos atletas inscritos.

HORARIO CAMPIONATO 8/05/2022	
HORA	PROBA
10:00h	Martelo
10:45h	Peso
11:30h	Disco
12:15h	Xavelina
13:00h	Martelo Pesado

Cada atleta fará tres lanzamentos con cada artefacto.

*A entrega dos artefactos para homologar farase ata 60 minutos antes do comezo da competición.

Art.8).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. Os/as atletas sairán á zona de saída coa roupa de competición posta.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.9).- O aforo estará regulado conforme ás limitacións establecidas no momento da competición, seguindo sempre a normativa sanitaria e a normativa da instalación

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2022.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.11).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA.

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 28 de abril de 2022

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo